

## ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO 29 DE OUTUBRO DE 2018

Lugar: Sala do Consello de Goberno da Universidade da Coruña

Hora de inicio: 09:37 H en segunda convocatoria logo de comprobar a existencia de quórum e segundo a Orde do día que figura como **anexo I** da presente acta

Hora de remate: 12:35 h

Asistentes: as persoas que figuran como **anexo II** da presente acta, xustificando a súa ausencia as que a seguir se relacionan: Pedro Gil Manso, Adriana Ávila Álvarez, Xurxo Dopico Calvo e José Manuel Sánchez Santos

### Informe do reitor:

O **reitor** comezou dando a benvinda a Gabriele Oanta Oanta como nova representante dos Institutos Universitarios de Investigación no Consello de Goberno e agradeceu o traballo desenvolto polo seu antecesor o profesor José Manuel Sobrino Heredia.

O pasado 22 de outubro entraron na Residencia Elvira Bao os primeiros estudantes polo que xa contamos con prazas residenciais públicas no Campus da Coruña da UDC. Xa están en funcionamento 40 prazas e ao longo do ano acadaranse as 120 prazas. Proximamente terá lugar a súa inauguración oficial e unha xornada de portas abertas.

Desde o último Consello de Goberno tivo lugar unha asemblea da CRUE en Estremadura para lle conceder a Segundo Piriz, reitor de dita universidade, a medalla de ouro de CRUE, polo seu labor ao fronte de dita institución entre os anos 2015 a 2017.

Mañá haberá unha reunión específica en Madrid co Secretario Xeral de Universidades para tratar da xestión da investigación nas universidades públicas. A CRUE vai solicitar que se realice unha modificación legal para alixear a carga administrativa que soportan os proxectos de investigación.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informou dos seguintes asuntos:

26/09/2018. Autorizouse, a petición do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación, a contratación pola lista de agarda da praza 18/1008 de dúas persoas polos seguintes motivos:

a. Contratación dun/ha profesor/a coa categoría de Contratado/a Interino/a de Substitución con dedicación a **tempo completo**, pola renuncia ao seu contrato de don Carlos Diz Reboredo, profesor contratado interino de substitución a tempo completo que viña cubrindo a baixa por IT de dona Rosa Caramés Balo. Este contrato permanecera en vigor ata a reincorporación da baixa por IT de dona Rosa Caramés Balo, ou o 31/08/2019 de non producirse antes esta reincorporación.

b. A contratación dun/ha profesor/a coa categoría de Contratado/a Interino/a de Substitución con dedicación a tempo parcial P06, debido á baixa por IT e posterior ausencia por maternidade de dona María José Andrade Suárez. Este contrato permanecera en vigor ata a reincorporación de dona María José Andrade Suárez da

Código Seguro De Verificación	GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	28/11/2018 14:41:15
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	28/11/2018 12:58:56
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==">https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==</a>		



súa ausencia debido á súa próxima maternidade (IT; licenza por parto; acumulación de lactación e acumulación de vacacións, de ser o caso), ou o 31/08/2019 de non producirse antes esta reincorporación.

09/10/2018. Autorizouse que se volva a convocar unha praza de **Axudante Doutor/a** na área de coñecemento de Dereito do Traballo e da Seguridade Social que fora declarada nula de pleno dereito ao apreciarse defectos inconstitucionais na convocatoria orixinaria (pola esixencia cerrada de titulacións que vulneraban os principios de acceso a función pública). Esta convocatoria autorízase á vista da persistencia das necesidades docentes na área.

24/10/2018. A COAP acordou remitir ao Consello Social, en aplicación da delegación do Consello de Goberno do 28 de maio de 2004, a proposta de concesión dun tramo do complemento autonómico por cargos de xestión a unha profesora, trala avaliación remitida pola ACSUG.

Neste mesmo senso, compre informar que o Consello Social do 11/12/2018 acordou asignar os complementos autonómicos que foran propostos pola COAP con data do 21/09/2018. **A nómina de outubro** incorporará as cantidades recoñecidas por estes complementos.

24/10/2018. A COAP acordou autorizar a venia docente a tres profesores da EU de Turismo e 3 profesores da EU de Relacións Laborais á vista dos informes favorables dos departamentos de Socioloxía e Ciencias da Comunicación, Dereito Privado, Dereito Público e Computación.

Denegouse a venia docente a unha proposta da EU de Relacións Laborais que foi informada negativamente polo Departamento de Computación na que valorou diversos aspectos do seu currículo como insuficientes para impartir a materia Informática Básica.

26/10/2018. Foi publicada no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica a relación de áreas de coñecemento onde se realizará a convocatoria de **prazas de axudante doutor** no curso académico 2018/19.

A COAP do 24/10/2018 acordou aplicar a previsión establecida na disposición 4 do acordo do Consello de Goberno do 19/07/2018 de ampliación das prazas ofertadas ata 20. Como resumo as áreas de coñecemento onde se convocan as prazas son:

Área de Coñecemento	Número de prazas
Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	2
Comunicación Audiovisual e Publicidade	1
Construcións Arquitectónicas	1
Construcións Navais	1

Área de Coñecemento	Número de prazas
Didáctica da Lingua e a Literatura	1
Economía Aplicada	1
Economía Financeira e Contabilidade	1
Enfermaría	1

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==	Asinado	28/11/2018 14:41:15
Asinado Por	Asinado	28/11/2018 12:58:56
Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso		
Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano		
Observacións	Páxina	2/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==">https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==</a>	



Enfermaría.Terapia Ocupacional	1
Enxeñaría de Sistemas e Automáticas	1
Fisioterapia	1
Fundamentos de Análise Económica	2
Matemática Aplicada	1
Medicina Preventiva e Saúde Pública	1
Socioloxía	2
Tecnoloxía Electrónica	1
Zooloxía	1

Estas convocatorias darán a oportunidade de estabilización a 2 profesores/as acreditados/as a Titular de Universidade e 18 profesores/as acreditados/as a Contratado/a Doutor/a.

A proposta de convocatoria será incluída na orde do día da vindeira reunión do Consello de Goberno

A **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación** informou dos seguintes asuntos:

- Os pasados 25 e 26 de outubro esta vice-reitoría participou en Málaga no subgrupo de traballo sobre Promoción Internacional da Sectorial de Internacionalización e Cooperación da CRUE. Destacouse que o noso país ocupa o lugar 14 como máis valorados entre os estudantes dos países do G8 e como o cuarto entre os estudantes dos países de fóra do G8. Paradóxicamente somos un dos países que menos estudantes estranxeiros regulares chega a matricular. Entre as razóns que explicarían esta situación, estarían a dificultade de acceso e admisión, que ademais é diferente en cada Comunidade Autónoma. Tamén é necesaria a implicación das embaixadas na axilización dos procesos de visados e do Ministerio de Educación no proceso de homologación dos títulos; a non publicación de catálogos de posibles homologacións e os tempos de resolución dos expedientes de homologación, en torno aos 18 meses, son problemas importantes en la captación de alumnado estranxeiro.
- O pasado 8 de outubro recibimos a visita dunha delegación da Universidade Autónoma de Honduras na que se acordou a colaboración en mobilidade e admisión na UDC de alumnos para máster e doctorado de entre o seu cadro de profesorado.
- Os días 8 e 9 de outubro esta vice-reitoría participou en Istambul nunha reunión organizada por la Comisión Europea a través do SEPIE para coñecer e establecer convenios con universidades de Asia Central.
- O pasado venres publicouse unha nova edición do Programa Iacobus que financia a mobilidade de profesores e investigadores entre universidades galegas e do Norte de Portugal. Publicouse así mesmo a primeira edición dun premio de investigación a publicacións realizadas no marco da colaboración transfronteriza Galicia-Norte de Portugal.

Oficina de Cooperación e Voluntariado:

- A UDC participou, a través da Oficina de Cooperación e Voluntariado, no IX Congreso Estatal de Aprendizaxe-Servizo Universitario que tamén foi o I Congreso Europeo, fortalecendo deste xeito a recentemente creada rede europea. Na intervención da UDC destacou o elevado número de profesorado e alumnado que na nosa universidade desenvolve esta metodoloxía. Nas dúas últimas convocatorias participaron 69 PDI e 1.661 alumnos/as.
- O día 4 de outubro iniciouse o Curso de Formación Específica de Posgrao en Cooperación e Educación para o Desenvolvemento, que nesta III Edición ten 25 alumnos/as

<b>Código Seguro De Verificación</b>	GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	28/11/2018 14:41:15 28/11/2018 12:58:56
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/7
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==">https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==</a>		



matriculados/as. Este curso é financiado parcialmente pola Xunta de Galicia a través da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento.

- Os días 26 e 27 de outubro tivo lugar en Coruña o curso de Formación básica en Voluntariado, para as novas incorporacións de voluntarios a proxectos desenvolvidos dende o en colaboración coa OCV. Neste trimestre incorpóranse a proxectos 40 persoas, que sumadas ás que continúan de anos anteriores fan un total de 120 voluntarios/as colaborando activamente con entidades sociais da cidade. Algúns dos proxectos que vaise difundir a través da OCV:
- “Poñendo os lentes”, Proxecto de prevención de abusos sexuais a menores, en colaboración coa Facultade de CC da Educación.
- Exposición ““El éxodo rohingya”, en colaboración con Médicos sen Fronteiras, que exhibirase no Forum Metropolitano.
- O grupo de sensibilización da OCV, coordinándose coa UDC-Saudable, adicou este mes de outubro o facer actividades nos campus da cidade sobre a saúde e medidas de prevención.

**A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente** comezou o seu informou dando os nosos parabéns á Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos de Camiño pola concesión dos selos EUR-ACE para os dous graos da Escola: o grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil e o grao en Enxeñaría de Obras Públicas. A súa concesión é sen prescricións, e cunha validez de seis anos.

- Estamos a recibir os informes de envío previo á verificación das propostas de títulos novos e das modificacións. Estes informes están a ser favorables. Así mesmo, temos que informar de que o día 28 de setembro recibimos un escrito do SXU onde se nos indicaba de que non ía emitir un informe previo de envío á verificación dos graos en Estudos Globais e de Nanociencia e Nanotecnoloxía, por tratarse de títulos non previstos na planificación da oferta académica mediante o Acordo do Mapa de titulacións 2017/2021.

- Mañá terán lugar dúas reunións en Santiago de Compostela co Secretario Xeral de Universidades para falar dos resultados das análises que fixeron os avaliadores externos tanto para as titulacións multiplicadas do SUG que non teñen problemas de alumnado como para as titulacións duplicadas que nestes momentos non teñen unha alta demanda. Ás devanditas reunións están convocados os decanatos e as dirección dos centros con titulacións afectadas, que xa coñecen eses informes. Tamén asistiremos a adxunta de títulos e eu.

- O día 17 de outubro inaugurouse en Betanzos o proxecto de Democratización do Coñecemento “Compartir experiencias e coñecemento”, que foi impulsado pola Universidade Sénior e que se prolongará durante os meses de outubro e novembro. Desde aquí quero agradecer o esforzo de todo o profesorado que de bo grado decidiu participar nesta aventura.

- O día 18 de outubro con motivo do II Día Internacional da Paisaxe do Consello de Europa, celebrouse na ETSAC a 1ª Xornada sobre a Paisaxe. A esta xornada asistiu a Conselleira de Educación, Universidades e FP, Carmen Pomar. Foi un encontro entre universidades que xa están a impartir o grao ou en fase de elaboración, resultou de grande interese pois se estableceu un marco de intercambio de experiencias para o alumnado e profesorado destas titulacións.

- Os días 8 e 9 de novembro celebráranse as III Xornadas de Innovación docente. Este ano, seguindo as suxestións dos participantes en edicións anteriores, vaise facer en dous días. Tamén incorporouse un espazo para a presentación dos traballos que se están a facer desde os GIEs. Quero agradecer a todos a vosa participación e animarvos a escoitar ao relator

Código Seguro De Verificación	GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	28/11/2018 14:41:15
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	28/11/2018 12:58:56
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==">https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==</a>		



encargado de abrir estas xornadas, o profesor Antonio Fernández Coca, o día 8 de novembro ás 9:30, na Facultade de Ciencias da Educación.

A **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informou do seguinte:

\*durante todo o mes de outubro leváronse a cabo actividades relacionadas coa saúde nos distintos Campus da UDC. A coordinación correspondeu a UDC Saudable, e contou coa colaboración de moitos centros e servizos da Universidade.

\*O pasado xoves resolvéronse as bolsas propias da UDC para o estudiantado da UDC con diversidade funcional. Xa que o número de solicitudes foi inferior as prazas convocadas e todas cumprían cos requisitos, foron todas informadas favorablemente.

\* Os días 3-4-5 de outubro celebrouse en Ferrol o Congreso Internacional da Asociación Española de Ética e Filosofía Política.”, Este congreso que contou con preto de 300 asistentes foi dirixido polos profesores da Facultade de Humanidades e Documentación; Raquel Seijas, José Luis Tasset e Xosé Leira. Unha das xornadas dedicouse a homenaxear a catedrática da USC Esperanza Guisán, considerada como unha das pioneiras nos estudos dedicados o utilitarismo, e que foi socia fundadora da Asociación Española de Ética e Filosofía Política.

\* O venres 19 de outubro tamén no Campus de Ferrol celebrouse baixo o título “Mulleres liderando o mar” unha Xornada dedicada a analizar a situación en Galicia e en España das mulleres vinculadas o mundo do mar . Participaron mulleres de diversos ámbitos marítimos que aportaron unha ampla visión dos retos e das iniciativas que estanse a desenvolver como paso previo para identificar estratexias e liñas de acción, que dende a universidade podan contribuír a impulsar o liderado e a visibilidade das mulleres no mundo mariño. Este encontro foi organizado de maneira colaborativa entre a OCV e a OIX.

\* O pasado mércores 24 de outubro, o salón de Actos Concepcion Arenal acolleu un interesante encontro sobre Innovación Social e Innovación tecnolóxica organizado conxuntamente polo Campus Industrial e Campus Innova e baixo a dirección do profesor Wenceslao González director do centro de investigación en filosofía da ciencia e a tecnoloxía.

O **xerente** informa dos seguintes asuntos:

O 5 de outubro publicouse a convocatoria xeral de axudas sociais do PAS funcionario para o ano 2018 e a solicitude de opción do Fondo de Acción Social para o ano 2019.

O 11 de outubro publicouse a Instrución para regulamentar as operacións de peche do exercicio de 2018 en relación coa contabilización dos ingresos, gastos e pagamentos da Universidade da Coruña.

Con data do 15 de outubro ditouse a Instrución da Xerencia 4/2018 pola que se modifica a Instrución do 24/04/2018 en relación coa entrada en vigor da nova Lei 9/2017, de contratos do sector público. Mediante esta instrución procédese a excluír do ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público a adquisición de libros científicos engadindo un punto 6 ao anexo I-C. Esta exclusión implica a adecuación á Lei 5/2011, do 20 de setembro, do Patrimonio da C. A. de Galicia e, en concreto, á regulación do seu artigo 51.

Código Seguro De Verificación	GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	28/11/2018 14:41:15
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	28/11/2018 12:58:56
Observacións		Páxina	5/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==">https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==</a>		



Os días 24, 25 e 26 de outubro na Universidade de La Laguna celebráronse as XXXVI Xornadas de Xerencia co tema xeral sobre “La adaptación y gestión del cambio en el proceso de transformación universitaria”.

**Acordos:**

- 1º - Apróbase, sen votos en contra a acta da sesión ordinaria do 25 de setembro de 2018
- 2º - Apróbanse 4 convenios marco, 16 convenios específicos e 54 de prácticas que figuran como **anexo III** da presente acta
- 3º - Apróbase a proposta de aceptación da doazón do profesor emérito D. Juan Manuel Vidal Romaní, dun exemplar da “Carta Geométrica de Domingo Fontán”, cedida en depósito á UDC hai uns anos, así como un exemplar da “Descripción Geognóstica del Reyno de Galicia: acompañada dun mapa petrográfico deste país” de Guillermo Schulz” - **anexo IV**
- 4º — Aprobada a Modificación da oferta de emprego público de persoal de administración e servizos para o ano 2018 por 27 votos a favor, 4 en contra e 3 abstencións- **anexo V**
- 5º - Aprobada a proposta de modificación dos requisitos de acceso a estudos de doutoramento establecidos no acordo do 27/02/2014. - **anexo VI**
- 6º - Aprobada a proposta de premios extraordinarios de doutoramento 2016/2017 – **anexo VII**
- 7º - Aprobada a proposta de títulos propios de posgrao que figuran como **anexo VIII**
- 8º - Aprobada a proposta de retribución anual dos contratados Ramón y Cajal da UDC – **anexo IX**
- 9º Aprobada a proposta de convocatoria de prazas de corpos docentes universitarios – **anexo X**
- 10º - Aprobada a proposta de convocatoria de prazas de de persoal docente contratado – **anexo XI**
- 12º - Aprobada a proposta de nomeamento e renovación de profesorado honorario – **anexo XII**
- 13º** - aprobada a proposta de autorización de comisión de servizos de PDI – **anexo XIII**
- 14º - Aprobada a proposta de autorización de licenzas de PDI – **anexo XIV**
- 15º - Aprobada a proposta de Programa de captación e estabilización de profesorado no curso académico 208/2019 – **anexo XV**
- 16º - Aprobada a proposta de creación da Sección Departamental de Historia do Departamento de Humanidades – **anexo XVI**
- 17º - Aprobada a avaliación do I Plan de Igualdade da UDC – **anexo XVII**

Código Seguro De Verificación	GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	28/11/2018 14:41:15
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	28/11/2018 12:58:56
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==">https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==</a>		



Logo de se tratar todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 12:35 horas.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no seguinte enderezo:

<https://youtu.be/BDvENhgR3sw>

Coa pegada dixital: **SHA-1: 3005E5EA26C9BF1A3F5F5AAE91BB7759A13AC966**

Código Seguro De Verificación	GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	28/11/2018 14:41:15
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	28/11/2018 12:58:56
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==">https://sede.udc.gal/services/validation/GBmSdKly2w2Qzt9uxiCfsA==</a>		

